

ERE + FLEXIBILIDADE

Tal como aprobou a Asemblea Xeral de Afiliados/as da C.I.G. celebrada o pasado día 15, de manter a defensa dun equilibrado das liñas de produción como única fórmula para evitar prexuízos económicos e sociais ós traballadores/as do Sistema II, **esta foi a posición da C.I.G. á respecto do Expediente de Regulación de Emprego 2011-2012 no día de onte:**

Apesares de que a C.I.G. segue sen atopar razóns obxectivas que xustifiquen a non adopción de medidas industriais que favorezan un equilibrio nas liñas de produción, para facer fronte a realidade produtiva dos próximos dous anos, os documentos que avalarían a ERE, foron tratados por esta Sec. Sindical como un todo.

Unha vez finalizado o proceso de consultas, a C.I.G. non vai dar o seu visto bo a esta E.R.E., polas serias contradicións que contén, onde se lesionan, no noso entender, dereitos sociais e económicos dos traballadores/as:

Entre outras:

.-obrigar a un traballador/a a realizar integramente o seu posto, dadas as dificultades que entrañan as liñas de produción, non deixa de ser sorprendente, cando día tras día estamos a denunciar na Paritaria de Tempos as reiteradas vulneracións dos ritmos, as excesivas cargas de traballo ou as propias alteracións das composicións.

.-comprometer a un traballador/a a realizar 6 días á semana, si quere pasar para o Sistema I, non deixa de ser unha coacción á liberdade das persoas, senón que, ademais de ser un contrasentido na defensa do emprego, non ten xustificación, xa que calquera traballador/a que pase para o Sistema I, vai dispor de 6 días a máis, para restar do saldo negativo (semana volante).

.-Coacción tamén é relacionar este Expediente coa demanda da Xubilación Parcial.

.-Non se particulariza os colectivos como os maiores de 53 anos.

.-Cambio de quenda e de contrato para limitados

.-O calendario non ten garantías

.-Penalizar economicamente negando o complemento do 100% en caso do ERE, a un traballador/a, desta fábrica, que non ten precedentes na súa historia, non deixa de ser un castigo selectivo, cando por outra banda, todos sen excepción, apoiamos e defendemos as axudas económicas recibidas das distintas Administracións Públicas.



REUNIÓN co DIRECTOR do CENTRO

Vigo, 2 de febreiro de 2011

No día de hoxe celebramos o Comité de Empresa unha reunión co Director do Centro para expornos un programa de obxectivos para o 2011.

Sinala que seguindo os directrices do Grupo, se despregará o propio para este Centro.

Os obxectivos que sinalan a mellorar son:

- Calidade
- Perda de produción
- Absentismo
- Rigor nos Estándares de Produción

En canto os puntos fortes da Planta están:

- Seguridade
- Sistema de Produción
- Xestión de Empleabilidade
- Competitividade.

Para levar a cabo a mellora dos puntos primeiros, cada RU-RG, marcara os principais obxectivos das súas respectivas UEP's. Cada cuadrimestre parara a Planta durante 45 minutos, que serviran para analizar a evolución sobre ditos obxectivos. A primeira parada esta prevista para o próximo día 7 de Febreiro.

O Director comenta que, coa aportación de todos, a mellora é posible sen que elo supoña un desgaste físico ós traballadores/as.

A C.I.G., compartindo os obxectivos de que para sobrevivir unha empresa debe estar en constante mellora, máxime no noso sector, estes non poden descansar todo o seu peso nas costas dos traballadores/as, sen antes escoitar as súas demandas que a traveso das distintas comisións son prantexadas, día tras día.

Aí están as reclamacións en materia de repartos...limitados...Seguridade ...ou as propias Relacións Sociais, como son en materia de promoción onde priman máis os criterios subxectivos que a propia profesionalidade.

Por elo, ese reto de mellora, necesita dun punto de encontro, onde os traballadores/as se vexan recoñecidos nas súas xustas demandas.

A C.I.G. rematou a súa intervención poñendo o exemplo máis recente, ocorrido no día de onte en Montaxe M.1, de cómo a reparación dunha avaría foi utilizada para eliminar o descanso dos 5 minutos das 20'25. Sería un bo inicio devolverlle os traballadores/as ese tempo.

Confederación Intersindical Galega